

E TI, ANÍMASTE A  
PARTICIPAR?



CONTACTO:

886 120 078

[ceip.emilia.pardo@edu.xunta.gal](mailto:ceip.emilia.pardo@edu.xunta.gal)

[www.edu.xunta.gal/centros/ceipemiliapardo](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipemiliapardo)



CHOUZOVIGO

Camiño do Chouzo n° 7

36208

VIGO

PONTEVEDRA

EDUSOSTIBILIDADE



PROXECTO

O CHOUZO

REUTILIZA



# EN QUE CONSISTE O PROXECTO?

## 1 É UN PUNTO DE ENRIQUECEMENTO

Neste espazo poderemos deixar algo que a nós xa non nos está aportando nada para que outras persoas poidan comezar a empregalo.

## 2 NON É UN TROCO

Non estás obrigado/a a deixar algo para coller outra cousa. Podes coller aquilo que vexas que é de utilidade, mais terás que saber que se SEMPRE collemos e nunca deixamos... non vai funcionar ben a idea.

## 3 PODE SER PARA XENTE DE FÓRA DA ESCOLA TAMÉN

Se cadra que algún curmán, algunha veciña, algún coñecido... está poñendo orde na súa casa, pode darche a ti ou traer directamente aquilo que sexa guai para todas e todos nós.

## 4 NON TRAIAS O QUE TI NON COLLERÍAS

Non se trata dun vertedoiro. Trátase de traer só aquelas cousas que se non as tiveras e as vises che gustaría coller.



# QUE COUSAS SON INTERESANTES?

**LEMBRA: EN BO ESTADO!**

CONTOS

XOGOS DIDÁCTICOS

XOGUETES

MATERIAL ESCOLAR

LIBROS DE LECTURA

## 5 HAN DE ESTAR EN BO ESTADO

Se lle faltan pezas, páxinas, tarxetas... Non é unha boa idea que o compartas neste punto.

## 6 QUE SE PODE TRAEER?

Principalmente material escolar, xogos, libros e contos; pero só os indicados para infantil e primaria. Polo momento non faremos punto de lecturas para adultos.

## 7 CANDO FACER USO DESTE PUNTO?

Só se poderá acceder a estes materiais no horario de biblioteca das tardes, de 16:00 a 17:00 e sempre a través do mestre/a de garda.

